



M^a Cristina Andrade González, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-AA neste Concello, presenta, para inclusión e debate na vindeira sesión plenaria, a seguinte **MOCIÓN** relativa á adhesión do concello da Pobra do Caramiñal ao convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos de Boiro, A Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo e Ribeira, para regular o proxecto “Parque arqueolóxico da Idade do Ferro: os castros dos praestamáricos”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En setembro de 2018 presentouse un ambicioso proxecto de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Mancomunidade Arousa Norte para a promoción turística e cultural da comarca denominado “Parque arqueolóxico da Idade do Ferro: os castros dos praestamáricos”.

Segundo informaba o blog de Arousa Norte, “o proxecto pretende poñer en valor unha serie de recursos territoriais de carácter cultural e turístico baixo unha mesma liña temática destinada a crear unha experiencia global para contar a Idade do Ferro a través do hábitat dun pobo concreto da Idade do Ferro, contribuíndo a humanizar o relato arqueolóxico”.

Trátase dun proxecto cunha duración inicial de catro anos, financiado pola Deputación cunha chega de 500.000 euros e nel pretendíase incluír o castro da Croa de Posmarcos.

Cónstanos que o goberno municipal tivo en mente destinar unha parte do remanente de tesourería á adquisición de parte dos terreos nos que se ubica o castro da Croa para poder adherirse ao convenio do proxecto que incluíría tamén ao concello de Porto do Son. Non obstante, finalmente a compra destes terreos non formou parte dos investimentos a levar a cabo co remanente de tesourería.

O BNG considera que este proxecto arqueolóxico é de grande importancia para a comarca e, nomeadamente, para A Pobra, pois permitiría a posta en valor dunha parte fundamental do noso patrimonio e a súa divulgación entre os veciños e veciñas e visitantes, ampliando a nosa oferta cultural.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG propón á Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

1. Acometer todos os trámites precisos que permitan a adhesión do Concello da Pobra do Caramiñal ao convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos de Boiro, A Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo e Ribeira, para regular o proxecto “Parque arqueolóxico da Idade do Ferro: os castros dos praestamáricos”.

A Pobra do Caramiñal, 17 de xaneiro de 2019

Asdo. M^a Cristina Andrade González
Concelleira do GM do BNG-AA da Pobra do Caramiñal